



Paraíso  
entre ríos

# INFORMACIÓN MUNICIPAL

Estamos de novo en tempos de Nadal e, polo tanto, en tempo de convivencia social e familiar, o que nos fai pensar donde debemos ser mellores.

Seguramente enfocando de xeito positivo esta convivencia social, nos levará a cooperar na defensa do medio ambiente; para elo é necesario reciclar e cumprir as normas de recollida do lixo, contribuíndo así modestamente a frear o cambio climático que tanto nos preocupa.

Esta cooperación será plena cando pensemos que todo canto poñamos da nosa parte redundará nun Paderne mellor.

É tempo tamén de recapacitar sobre as relacións veciñais pensando en que o que non queremos para nós, non debemos facerllo a ninguén; esto ven a conto porque se está incrementando o número de denuncias por limpeza de leiras e montes e debemos colaborar todos para así previr os incendios forestais.

Colaborar no consumo responsable da auga e o saneamento dos nosos ríos e Ría, é un paso de gran importancia para coidar o noso paraíso.

É tempo tamén de convivencia familiar para que todos, co amparo dun Belén e sentados en torno a unha mesa, resolvamos os nosos problemas por difíciles que sexan e encaremos o novo ano con amor e actitude positiva.

Quero agradecervos de antemán a atención que me prestades e desexarvos unas Boas Festas, pedíndolle ó 2016 saúde e traballo para todos en nome de toda a Corporación.

Un abrazo do voso Alcalde



## Presentación das actividades

O día 13 de outubro o Alcalde, xunto cos Concelleiros de Cultura e Deporte, realizou a presentación das actividades de adultos para este curso 2015 – 2016 presentando ós monitores encargados de impartilas e coa asistencia da maior parte das persoas inscritas dun total de 150.

Cunha ampla e variada oferta que contempla un total de 10 actividades (baile, pilates, ximnasia, cestería, cociña, costura, informática, manualidades, pintura, inglés e tapiz) a impartir nos oito locais das distintas parroquias, inténtase satisfacer as demandas dos veciños e veciñas cubrindo así as súas solicitudes.

## A perspectiva local na xestión do medio ambiente e dos espazos naturais

O pasado 22 de outubro, o Alcalde participou, en calidade de Vicepresidente da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, como moderador dunha mesa redonda no foro "A perspectiva local na xestión do medio ambiente e dos espazos naturais" que tivo lugar no Castelo de Santa Cruz en Oleiros. O obxectivo desta xornada, foi crear un punto de encontro para dar a coñecer o que se está a facer nos distintos concellos da provincia, onde existen exemplos de boas prácticas na xestión ambiental desenvoltas tanto polas administracións, entidades sen ánimo de lucro, empresas etc., dando así visibilidade a estas iniciativas.

## Reinventar a cidade metropolitana do Século XXI

O pasado 28 de outubro o Alcalde, como Vicepresidente da Reserva da Biosfera As Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, participou no acto institucional de presentación do ciclo de debates "Reinventar a Cidade metropolitana do S.XXI" organizado pola Asociación AMC3.0 que se celebrou no Sporting Club Casino da Coruña.



*O Alcalde co Presidente da Asociación Metropolitana Coruña 3.0 e os Alcaldes de Culleredo, Abegondo e A Coruña*



## Entrega de trofeos do Torneo de Golf Benéfico

O día 15 de novembro, o Tenente Alcalde e a Concelleira de Cultura do Concello de Paderne, en representación do Alcalde, fixeron entrega de trofeos do Torneo de Golf Benéfico realizado nas instalacións do Club de Golf Paderne para recoller fondos para a asociación ADACECO, asociación de dano cerebral de A Coruña.

*O Tenente Alcalde e a Concelleira de Cultura entregando os premios*

## Xornada contra a Violencia de Xénero

Novamente a xente de Paderne volveu a mostrar a súa repulsa ós actos de violencia de xénero acudindo ó acto celebrado o pasado día 25 de novembro nas dependencias do Centro de Maiores. Tanto o Alcalde como o Concelleiro de Benestar Social tiveron unhas palabras de respecto para as vítimas e de repulsa a esta lacra realizando tamén a lectura do manifesto institucional. A xornada completouse cunha representación en clave de humor facendo partícipe ó público asistente.



*O Alcalde e o Concelleiro de Benestar Social nun momento do acto*

## Plan complementario POS 2015

Por un importe de **30.593,13 €**, vaise a realizar a contratación das obras incluídas no Plan Complementario POS-2015, Plan de Obras e Servizos 2015 da Deputación de A Coruña e que consisten en:

- Mellora e pavimentación do camiño que vai da estrada provincial, Casa Eloi na parroquia de Adragonte, ata Cruceiro, Costa de Lucas.

## Solicitudes de subvencións nominativas á Deputación de A Coruña

Para as seguintes actuacións:

- **"Acondicionamento e pintado da Casa do Concello e adquisición e instalación de marquesinas para o Concello de Paderne"** por un importe total de **50.000 €**.  
Dita solicitude comprende o **"Acondicionamento e pintado da Casa do Concello"** cun orzamento total de **14.373,78 €** correspondéndolle ó Concello unha aportación de **2.874,76 €**.  
E inclúe tamén a **"Adquisición e instalación de marquesinas para o Concello de Paderne"** cun orzamento total de **35.626,22 €** correspondéndolle ó Concello unha aportación de **7.125,24 €**.
- **"Acondicionamento da Aula da Ría e do Centro Cultural de Chantada"** por un importe total de **41.568,13 €** correspondéndolle ó Concello unha aportación de **8.313,63 €**.

## Plan de Obras e Servizos 2016 (POS-2016)

No Pleno de data de 2 de decembro de 2015, aprobouse a inclusión no Plan de Obras e Servizos 2016 (POS 2016) da Deputación da A Coruña, dos seguintes proxectos de obras así como a dedicación a gastos correntes do exercicio 2016:

**OBRA: MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NAS PARROQUIAS DE VIÑAS, VELOUZÁS, ADRAGONTE, QUINTAS, VILAMOUREL E OBRE** por un importe total de **68.435,91 €** que inclúe a mellora dos seguintes camiños:

**Velouzás.-** Camiño Escola – Puceira

**Adragonte.-** Camiño Os Caseiros – Piñeiro – Casal, Camiño Lamela - Caseiros e Camiño Donín – Porto do Río

**Obre.-** Camiño das Medorras – Pedreira (San Pedro – San Martiño)

**Quintas.-** Acceso núcleo urbano San Estevo

**Quintas – Vilamourel.-** Camiño de Lama da Ribeira

**Viñas.-** Camiño N-651 – Núcleo urbano Aldea de Abaixo (Insua) e Praza de Montecelo (aglomerado para a colocación da carpa no parque do falso túnel e poder así ter un firme en condicións para a celebración das festas patronais)

**FINANCIAMENTO DE GASTOS CORRENTES** por un importe de **68.435,90 €**

### Curso de aplicador de produtos fitosanitarios

Dada a necesidade dun título que acredite estar en posesión dos coñecementos necesarios para a manipulación destes produtos sin o cal as persoas que os usan non teñen a posibilidade de facer uso deles, o Concello está a organizar un curso que acredite os coñecementos necesarios. Os interesados deben inscribirse nas oficinas municipais e, unha vez se conte co suficiente número de persoas, comunicaranse as datas de realización do mesmo.

### Información importante sobre as mesas electorais

Por axustes no número de electores das mesas electorais de Areas e Vigo, o Instituto Nacional de Estatística ven de comunicar que os habitantes do **lugar de MEDÍN**, da parroquia de Vilamourel, nos vindeiros procesos electorais votarán no **COLEXIO ELECTORAL DE VIGO**.

## Visita a Paderne do Presidente da Deputación da Coruña

O Presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, aceptou a invitación do Alcalde para visitar Paderne o pasado 26 de novembro e así poder coñecer a realidade do municipio.

Logo de ser recibido polo Alcalde, acompañado polo seu Equipo de Goberno, o Presidente da Deputación pasou a asinar no Libro de Ouro e a coñecer as dependencias municipais.

A visita tiña como obxectivo explicarlle a importancia dos proxectos que o Alcalde está a desenvolver para aumentar a seguridade dos habitantes mellorando algunhas vías de comunicación e os proxectos encamiñados a impulsar a economía do Concello coa creación dun viveiro de empresas e a aposta polo Branco Lexítimo.

Os que se centran na seguridade dos veciños e sobre os que se solicita financiación son:

- Proxecto da senda peonil que une Obre co Concello de Betanzos
- Acondicionamento da estrada provincial Betanzos – Velouzás

Outro dos obxectivos da visita centrouse na casa que o Concello ten no lugar de Souto; tendo esta edificación como base, o Alcalde expúxolle o proxecto que se lle presentará próximamente de creación un viveiro de empresas relacionadas co desenvolvemento agrícola do Concello como puntal de emprego e riqueza.

Outro dos puntos importante do día foi a exposición que se lle fixo sobre os traballos que se están a realizar en torno ó desenvolvemento e difusión do Branco Lexítimo pedíndolle o Alcalde maior apoio para a Mostra, escaparate para a gran labor que os viticultores están a realizar e polos que o Concello ven a apostar firmemente. A fin de mostrarlle mellor esta realidade, o grupo desprazouse ás Adegas Beade nas que o Presidente puido escoitar as preocupacións e proxectos dos viticultores do Branco Lexítimo e tódolos temas relacionados cos traballos que realizan para sacar adiante e que o Concello está a impulsar.



*O Presidente, acompañado polo Alcalde e o Equipo de Goberno, asinando no Libro de Ouro*

## Entrevista co Director Xeral de Costas do Estado



*O Alcalde co Director Xeral de Costas revisando os proxectos e actuacións a realizar en Paderne*

O pasado día 11 de novembro o Alcalde mantivo unha reunión con Rafael Eimil, Director Xeral de Costas do Estado na Dirección Xeral de Costas en A Coruña; o obxectivo da mesma foi incentivar algunhas actuacións pendentes moi importantes para o desenvolvemento do Concello.

Centrado no "Proxecto de recuperación da Ribeira de Paderne", proxecto xa aprobado inicialmente no 2007, o Alcalde espuxo a importancia dalgunha das actuacións previstas no mesmo e para o que o Director Xeral de Costas se comprometeu a financiar unha primeira fase cunha inversión en torno ós 200.000 €.

Dita actuación inclúe a "Recuperación medioambiental" da zona con sendas peonís e a recuperación de zona de ribeira para que tanto veciños como as persoas que nos visiten poidan percorrer disfrutando, de xeito seguro, da beleza do noso entorno.

## Pagos das actividades de adultos

Os pagos das actividades fanse efectivos no banco en dúas veces; a primeira en xaneiro e a última en xuño.

Están suxeitas a pago as seguintes actividades: INFORMÁTICA – CESTERÍA – MANUALIDADES E PINTURA – BAILES DE SALÓN – PILATES – COCIÑA e COSTURA.

As actividades de XIMNASIA DE MANTEMENTO e INGLÉS son gratuítas.

Custo para as actividades dunha hora á semana			Custo para as actividades de hora e media á semana			Custo para as actividades de dúas horas á semana		
Nº actividades	1ª Cota	Total curso	Nº actividades	1ª Cota	Total curso	Nº actividades	1ª Cota	Total curso
1 actividade	27 €	54 €	1 actividade	30 €	60 €	1 actividade	32 €	64 €
2 actividades	49 €	98 €	2 actividades	55 €	110 €	2 actividades	59 €	118 €
3 actividades	66 €	132 €	3 actividades	75 €	150 €	3 actividades	81 €	162 €

As actividades extraescolares (INGLÉS – INFORMÁTICA – PATINAXE – PSICOMOTRICIDADE – FÚTBOL SALA E BÁDMINTON) son GRATUÍTAS continuando así co compromiso deste Goberno Municipal de axudar ás familias na educación dos seus fillos.

## Solicitudes á Deputación de A Coruña

Co fin de seguir ofrecendo ós veciños servizos e recursos ós que poder acceder e que sexan beneficiosos para o seu desenvolvemento, o Alcalde realiza as oportunas xestións ante os Organismos oficias para o mantemento dos distintos programas e servizos municipais .

Ven de solicitarse o **CONVENIO DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS** por un importe de **39.111,54 €**, de un total de **49.031,79 €**

Na área de **BENESTAR SOCIAL** veñen de solicitarse as seguintes subvencións:

- 1.- Servizo especializado de podoloxía: **12.560 €**
- 2.- Servizo especializado de atención a menores fóra do horario escolar (Aulas de Conciliación): **15.178 €**
- 3.- Proxecto Coidarse (Balneoterapia): **3.000 €**

## 13 de decembro; Santa Lucía

Para a vindeira celebración da festividade de Santa Lucía, na parroquia de Santiago de Adragonte o domingo 13 de decembro, o Concello de Paderne quere agasallar ós veciños da parroquia coas voces da Coral Polifónica El ECO que este día vai a acompañar a celebración da Santa Misa.

Será ás 13:00 horas na igrexa parroquial, celebración á que o Alcalde quere sumarse a través desta contribución desexando así a todos un bo día na compañía dos seus seres queridos.

## Excursión a Portugal

O concello de Paderne e dento do Programa Paderne en Familia, vai a realizar unha nova excursión a Portugal. Será o vindeiro **23 de xaneiro**; pola mañá visitaremos a localidade de **Vilanova de Cerveira** e pola tarde, depois da comida, visitaremos **Valença e a Fortaleza**.

Ás **7 da mañá** os autobuses comezarán a recoller as persoas polas distintas parroquias. O custe é de **25 €**. Poden asistir tódolos empadroados no Concello de Paderne tendo de prazo ata o día 20 de xaneiro.

## Programación de Nadal

**FESTA DE NADAL.-** O Alcalde quere que cada ano, os pequeniños das Escolas de Educación Infantil de Paderne, despidan este primeiro trimestre coa ilusión da chegada de Papá Noel. Para elo, o día 16 de decembro ás 11:00 h, o Concello organiza unha festa no local social de Viñas cunha representación de teatro de títeres como preludio da chegada de Papá Noel que virá, unha vez rematada a mesma, a recoller as cartas de todos eles. O Alcalde invita a tódalas familias a acompañar ós pequeniños e compartir así a ilusión destes días.

**CONCERTO DE NADAL.-** Será o día **21 de decembro** ás **20:00 horas** no Salón de Sesións da Casa do Concello. *Federico Álvarez* será o músico encargado de dirixir este concerto.

**CONCERTO DE FIN DE ANO.-** Será o día **28 de decembro** ás **20:00 horas** no Salón de Sesións da Casa do Concello. Nesta ocasión será o músico *Mijail Moriatov* o encargado de dirixir o último concerto do ano.

*Tanto para o concerto de Nadal como para o de Fin de Ano é necesario apuntarse antes dado que as prazas son limitadas.*

## Cabalgata de Reis 2016

Será, como cada ano, o día 4 de xaneiro comezando coa tradicional recepción na Casa do Concello onde serán esperados polo Alcalde.

Ás 14:30 h, a Comitiva Real, ten previsto o percorrido por tódalas parroquias co fin de saudar a grandes e pequenos.

A chegada ó polideportivo municipal está prevista para as 18:45 h sendo recibidos novamente polo Alcalde xunto co seu Equipo de Goberno.

Tódalas persoas teñen a posibilidade de saudar ás Súas Maxestades e entregarlles as cartas coas súas peticións para a noite máxica de Reis.

Como remate de festa haberá un espectáculo pensado para nenos con xogos, maxia e animación.

O **Concurso de debuxo** para nenos e nenas de Paderne de entre 3 a 12 anos contará con agasallos para os participantes, impulsando con eso a creatividade e ilusión nos máis pequenos do Concello. Os que desexen participar poden entregar os seus traballos ata o día **18 de decembro** nas oficinas municipais.

## ITV de vehículos agrícolas

Do 28 ó 30 de decembro realizarase a inspección técnica de vehículos agrícolas no campo de O Telleiro. O horario será de 9:00 h a 13:30 h e de 15:15 h a 18:00 h de luns a venres. Os interesados poderán pedir cita anticipada chamando ó teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web: [www.sycityv.com](http://www.sycityv.com) – Cita previa